

# CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

Att. Nicolás Vázquez Iglesias  
Secretario xeral de Industria

En ..... , a ..... de ..... de 2024

## ASUNTO: RECOÑEMENTO PARTE INTERESADA E AFECTADA

D/D<sup>a</sup> ....., con DNI número ....., con domicilio a efectos de notificación en ....., teléfono de contacto ..... e correo electrónico....., como mellor proceda en dereito, **expoño que:**

- Que o luns 4/03/2024 publicouse no DOGA *ANUNCIO do 20 de febreiro de 2024, da Secretaría Xeral de Industria, que se someten a información pública solicitud de autorización ambiental integrada (AAI), estudo de impacto ambiental (EIA), declaración de utilidade pública e proxecto para implantación dunha industria de fibra téxtil de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, promovido por Greenfiber, S.L. declarado proxecto industrial estratéxico (PIE) polo Consello da Xunta de Galicia, O 29/12/2022, a implantar no concello de Palas de Rei.*
- Consultadas as referencias das fincas afectadas e área de afección do citado proxecto, e os aspectos ambientais referidos nos documentos, **preciso ter acceso ao expediente completo** durante todo o procedemento así como os informes técnicos emitidos polos organismos públicos e privados consultadoss durante todo o proceso de xestión do expediente administrativo por ser parte afectada directamente polas obras e posterior actividades.
- Manifesto ser parte interesada e afectada** por ter propiedades incluídas ou límitrofes dentro do proceso de ocupación e/ou ser residente ou con propiedades no **concello de.....**, con afección directa deste industria.

**Por este motivo SOLICITO,**

**Primeiro.- Ser recoñecida como parte interesada e afectada no expediente deste proxecto**, en todas as suas fases e poder ter información e acceso ao expediente completo, acordo á Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e se me notifiquen, por tanto, cada un dos trámites que se sigan dentro do mesmo co fin de poder personarme.

**Segundo.- Que atendendo ao estipulado na Lei 27/2006 pola que se regulan os dereitos de acceso á información, da participación pública e do acceso á xustiza en materia ambiental (convención de Árhus) e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, se me conceda a vista dos informes e documentación mediante enlace en formato dixital.**

**Terceiro.- Obter información da relación de organismos públicos** e privados aos que se teñen solicitado informes sectoriais sobre o proxecto e cales deles serán considerados vinculantes, así como o **acceso aos informes sectoriais** en todas as fases do procedemento.

A efectos do anterior, poden contactar para a citada vista no seguinte número de teléfono.....

Asdo. :.....